

Fundación BKSSN

A Fundación, creada en 2003 por Sri B.K.S. Iyengar, ten como obxectivo mellorar a calidade de vida dos habitantes da rexión en todos os seus aspectos: tanto médico como educativo, social ou cultural. B.K.S. Iyengar encarnou o espírito do servizo desinteresado e traballou incansabelmente para empoderar a súa comunidade de orixe, especialmente mediante a educación. E aquí unha síntese do traballo que se fixo:

Colexio e Escola Universitaria SRSI

O Colexio Smt. Ramamani Sundaraja Iyengar fundouse durante o curso académico 2005. Na actualidade atende a 600 alumnos e alumnas de escasos recursos dos cursos 8º a 12º. O colexio ten un departamento completo de audio-visuais, con 32 ordenadores conectados todos eles á rede local mediante un servidor central. Hai dous laboratorios con instalación Wi-Fi e proxectores. A conexión Wi-Fi está dispoñible tanto para o persoal como para o alumnado do colexio.



Hospital SRSI



O hospital foi inaugurado por Sri B.K.S. Iyengar en xullo de 2007 e proporciona atención sanitaria gratuita aos residentes de Bellur e dos arredores. Dispón de 30 camas para doentes ingresados e servizo para doentes externos. Cento cincuenta doentes se benefician a diario das súas instalacións.

Centro de Yoga Internacional B.K.S. Iyengar

O Centro de Yoga Iyengar de Bellur, un dos máis fermosos do mundo, ofrece clases a todos os niveis, de principiante a avanzado. A sala de ioga, con luz natural e ventilación cruzada, dispón de todos os soportes propios do Yoga Iyengar e nela caben cómodamente 250 practicantes. Os dous edificios residenciais poden chegar a albergar a 135 participantes. A moderna cociña prepara unha comida sá e equilibrada que se serve nun amplo comedor con vistas ao val de Bellur.



Estruturas para a recollida de agua da chuvia

Kolar é unha rexión bastante árida. A Fundación construíu no campus tres estruturas para a recollida da agua da chuvia cunha capacidade para 17.500.000 litros (aproximadamente 4.623.000 galóns).

Traballos de forestación

A Fundación desenvolveu un novo proxecto, de acordo coas autoridades e os dirixentes locais, para rexenerar os lagos e estanques creando un manto verde na zona. Trasládose terra do lago ao campus e ofreceuse plantar árbores a todas as persoas que visitaron o campus. Observóuse que os dous lagos cercanos se rexeneraron e que o nivel da agua vai en aumento.



Caso nº 1: Un exemplo do noso traballo educativo.

Debido á pandemia de Covid-19, os confinamentos en todo o país están afectando a millóns de estudantes.

O estudiantado se enfrentan a un futuro incerto xa que os próximos pasos na súa formación ou na súa carreira dependen de que poidan terminar os seus exames finais da Escola ou do Colexio. Necesitamos crear a oportunidade de que estes nenos permanezan nunha contorna de aprendizaxe no que poidan manter a distancia entre eles, leven mascarillas, teñan unha boa hixiene nas mans e se senten a aprender nunha contorna segura.

Un paso decisivo que acordaron algunhas institucións para asegurar a continuidade dos estudos foi trasladar as clases a formato online, sendo necesario para isto que tanto alumnado coma profesorado poidan dispor na casa de ordenadores e dunha boa conexión a internet. Frente a este desafío non podemos agardar simplemente que o alumnado se apodere dos smartphones dos seus pais e comecen a asistir ás clases, así que o noso método como mínimo garante que a aprendizaxe non se interrumpa por completo.


As Institucións SRSI adoptaron estratexias para reducir os problemas do alumnado á hora de utilizar as innovacións tecnolóxicas, que poidan contar cun reforzo e comprender o que se lles ensina.



Alumno # 1: *O feito de que o noso profesorado impartira clases online a través dos autofalantes do templo de Rama axudóme moito cos exames finais. Con esta axuda non só superei os exames finais senón que obtiven o primeiro posto. Os meus pais estaban moi contentos cos resultados.*

– Sandeep K.K., alumno das Instituciones SRSI.

Grazas á idea de optimizar os recursos dispoñíbeis no pobo, comezouse a utilizar o sistema de audio do templo de Rama / Patanjali en Bellur e os sistemas comunitarios doutros pobos para compartir as clases, planificar os exames, orientar aos pais e ás nais sobre como afrontar o confinamento dos seus fillos e fillas, a importancia do exercicio e moito máis.



Profesora: *Aínda que se trata dunha experiencia nova, a nosa administración nos deu a oportunidade de aprender e equiparnos para novas competencias. Coa adquisición destas competencias probei as clases online co alumnado e están moi contentos.*

– Ms. Triveni K S, Profesora de Comercio.



O método supón a necesidade dun cambio pedagóxico fundamental para o éxito do alumnado online debido á comunicación asíncrona e a necesidade dunha exhaustiva planificación das clases.

En poucos días, o profesorado mudou do ensino presencial ao ensino a distancia para case 600 alumnos. Cada día se proporcionaba comida cociñada e envasada ao alumnado no centro de aprendizaxe dos seus respectivos pobos. Nun día normal, a asistencia era como mínimo do 90% así que a transición foi un éxito considerabel.

Estudio de caso 2: (Sanidade)

Na loita contra a pandemia de Covid-19, as Instituciones SRSI se propoñen optimizar os recursos dispoñíbeis en cada poboación. O Centro de Atención Primaria do SRSI (SRSI PHC, Primary Health Care) optou por a estratexia de traballar en rede, en cada pobo na contorna de Bellur, cón persoal sanitario local chamados Activistas Sociais Sanitarios Acreditados (ASHA, Accredited Social Health Activist), coa finalidade de:

- Instruír á comunidade sobre prevención fronte ao Covid-19 e uso de mascarillas
- Proporcionar información sobre prácticas hixiénicas e limitación de mobilidade.
- Realizar todos os esforzos para continuar amparando á poboación rural sen fogar e a persoas traballadoras migrantes, na eventualidade dunha propagación do Covid-19.

O persoal traballador ASHA son un nexo entre o Centro de Atención Primaria e a comunidade, e son a miúdo o primeiro punto de contacto cos sectores de poboación máis desfavorecida. Seleccionadas nos seus propios pobos, as ASHA son mulleres de idade entre 25 e 45 anos, sabendo ler e escribir e con algunha formación académica (nomeadas por o goberno local). Promoven e facilitan a vacinación, establecen as citas para os servizos de maternidade e ensinan ás persoas doentes nutrición, hixiene e técnicas de autocuidado. Proporcionan a domicilio medicación básica para o mantemento da saúde. Cada ASHA se responsabiliza dun municipio. “Coñece cada fogar do pobo e pode ser unha axuda moi eficaz á hora de concienciar á xente”.



Comentario: Tal como Guruji nos dixó, o persoal médico e o resto do persoal estannos a coidar moi ben. Incluso cando alguén acude a outro hospital e non o tratan adecuadamente, acaba finalmente vindo ao Ramamani. Estamos moi contentos co hospital Ramamani.

– Mr. Chennappa, habitante de Nuggulapura.



O Centro de Atención Primaria SRSI PHC levou a cabo un despliegue de recursos humanos principalmente en áreas como actividades de detección temperá, realización de test en laboratorios, recolleita, cotexo e difusión de datos, alerta de riscos e administración clínica.

O modelo innovativo del SRSI PHC demostrou cómo a tecnoloxía móbil pode ser usada para crear un vínculo virtual entre as persoas doentes e o persoal médico, facendoo accesíbel a todas as persoas. Este método utiliza a tecnoloxía móbil para monitorizar á persoa doente e proporcionar un servizo de diagnóstico virtual máis rápido por parte do persoal médico de atención primaria. Así a información básica e a concienciación se propagan. As persoas que forman do noso equipo fan a domicilio controis de presión sanguínea e demais constantes vitais.

Comentario: Estou satisfeito co modelo escollido por a administración. As medidas de seguridade son moi boas. Danos a posibilidade de poder atender ás persoas doentes de xeito virtual e proporcionarlles tratamento sen medo ao Covid-19. Aínda que se trata de atención primaria, ofrece as mesmas oportunidades ca un hospital privado.



Dende marzo 2020 ate o de agora, 4256 persoas doentes recibiron no seu domicilio servizos ou medicinas básicas necesarias. SRSI PHC localizóu en cada comunidade aos efectivos de loita contra o Covid e proporcionóu mascarillas, xel desinfectante e xabrón a todo o estudantado, membros do personal, persoal sanitario e membros da policía das comisarías rurais de Vemgal/Narsapura e Kolar. O Instituto distribuíu preto de 100.000 mascarillas reutilizabeis e 35.000 botellas de desinfectante de mans.



Bellur Krishnamachar & Seshamma Smaraka Nidhi Trust ®

864, "Abhyudaya, 51st Main, 25th Cross, 1st Stage, Kumaraswamy Layout, Beangaluru – 560 111
Teléfono: 080-26660895 Móvil: 94484 93928 / 93412 1403 email: bashyamraghu@gmail.com

PATROCINADOR PRINCIPAL

Yogacharya
Dr. B.K.S. IYENGAR PUNE
Distinguido co o Padma Vibhushan

XUNTA DE GOBERNO

Sri. PRASHANT S. IYENGAR
Presidencia

Sri. B.B. RAMPRASAD, IAS
Vicepresidencia

Sri B. RAGHU
Administrador xerente

Smt. B. J. SRIMATHI
Tesourería

Dr. SAVITA RAGHU

REF. Nº: Admin/13/2020-21

Data: 15/10/2020

Queridos amigos,

A Fundación adoptou xa medidas moi duras para afrontar a situación financeira como recortar os salarios do persoal traballador nun 30%. Pero non queremos perder bos traballadores debido á falla de fondos posto que grazas a eles temos conseguido moitos éxitos ate o de agora.

O seguinte é un resumo dos nosos gastos fixos mensuais de 27,90,345 INR

1.- Salarios do persoal traballador	INR 14,75,950/-
2.- Seguros sociais do persoal traballador	INR 1,18,900/-
3.- Medicamentos (distribuídos nos pobos ou para o hospital)	INR 7,12,875/-
4.- Honorarios do persoal sanitario local	INR 2,10,000/-
5.- Gastos varios (electricidade, gasóleo, viaxes, teléfono e mantemento)	INR 2,72,620/-

Necesitamos a túa axuda para continuar o sono de Guruji.

FAI UNHA DONACIÓN para apoiar este increíble proxecto. Únete a este esforzo mediante unha micro donación/financiación.

A túa contribución, incluso una módica donación de **100 USD**, permitiranos continuar coa nosa misión.

Prégoche fales cos teus amigos, familia e compañeiros do lugar onde naceu Guruji, de B. K. S. Iyengar e o seu traballo, e ánimaos tamén a axudar.

Nombre do titular:	B.K.S. Smaraka Nidhi Trust ®
Banco:	State Bank of India
Conta / Número IBAN:	38518908526
Tipo de conta:	Conta Corriente
Código SWIFT:	SBININBB423
Código IFSC:	SBIN0003286
Estado:	Karnakata
Distrito:	Bangalore Urban
Sucursal:	40/2 Patallamma Street, Jayanagar 2nd. Block, Southend circle Bangalore
Cidade:	Bangalore
Dirección da Fundación:	# 864, Abhyudaya, 25th Cross, 51st Main, KS Layout, Bangalore-78

Para calquer información suplementaria, prégoche contacte con:
bashyamraghu@gmail.com / +919341214037

Co noso agradecemento:

B. Raghu,
Administrador xerente.